

## REGULAMENTO DO CAMPIONATO DE GALICIA DE SLÁLOM 2023

### Artigo 1.-

A Federación Galega de Automobilismo, establece para o 2023, un Campionato de Galicia de SláloM.

### Artigo 2.- ASPIRANTES.

Todos aqueles que cumpran cos requisitos sinalados no ANEXO I.

### Artigo 3.- VEHÍCULOS ADMITIDOS.

3.1.- Condicións que deben reuni-las probas; deben prever, como mínimo, as seguintes clases:

AGRUPACIÓN I: ata 1.200 c.c. (Tracción dianteira, calle e competición).

AGRUPACIÓN II: Desde 1.201 a 1.600 (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN III: A partir 1.601 c.c. (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN IV: Tódalas cilindradas (Tracción traseira).

AGRUPACIÓN V: Tódalas cilindradas (Tracción total).

AGRUPACIÓN VI: Vehículos eléctricos 100% ata un máximo de 80kw (de calle).

3.2.- Deberanse establecer, como mínimo, as seguintes clasificacións:

3.2.1.- Unha clasificación Xeral Scratch para o Campionato.

3.3.- As Entidades Organizadoras deberán adoptar para cada proba as normas de organización, e seguridade establecidas polo Regulamento Xeral de SláloM, da F.G. de A., e polo C.D.I.

3.4.- En cumprimento do estipulado para a aprobación dos regulamentos, as Entidades Organizadoras, deberán presenta-los seus regulamentos particulares, á F.G. de A., como mínimo 60 días antes da data prevista para o inicio da competición, e no que adxuntarán plano/croquis, con medición en metros entre conos, do trazado do circuito, para a súa conformidade e aprobación por parte da F.G. de A., ademais das aceptacións dos cargos polos oficiais das probas, debidamente licenciados.

3.5.- En cumprimento do establecido polo Ministerio do Interior, adxuntarase ó Regulamento Particular, plano/ruta de evacuación, de posibles feridos, así como plan de seguridade cando o trazado da proba saía do casco urban, e ocupe estradas pertencentes a Excmas. Deputacións, de réxime Estatal, ou Autonómico.

3.6.- O incumprimento dalgún/s artigo/s do Regulamento Particular, aprobado pola F.G. de A., será estudado pola Comisión de SláloM, para o seu análise, e aplicación das normas que teñan, con posterior traslado ó Tribunal Galego de Apelación si houbera lugar.

3.7.- Características dos vehículos da **COPA INICIACIÓN**:

-Vehículos atmosféricos de tracción, de estrita serie e con cilindrada máxima 1.200cc.

-Non se pode modificar motor de serie (árbores de levas, carburadores,...)

-Non se pode modificar admisión de serie.

-Non se pode modificar a centralita de orixe.





- Deberá contar con tódolos reforzos de serie de portas, capos e demais elementos da carrocería.
  - Non se pode variar a relación de cambio de serie.
  - Sen autoblocante.
  - Será necesario ter asentos, tapizados, bandexa,... O asento de condutor de serie ten que estar inmovilizado-fixo (sen corredeira), permitíndose asento deportivo tipo baket, con arneses de catro a seis puntos de ancoraxe.
  - Sen barras antivolco.
  - Sen separadores.
  - Con pneumáticos de calle e de grandes series: prohibición de pneumáticos M+S de neve ou terra.
  - Con suspensión tipo calle (que pase a ITV: tipo Selex, Koni,..). Non se permite suspensión homologadas de tipo roscado in botellas independentes.
  - Non se poderá modificar estabilizadoras dianteiras nin traseiras: diámetros,...
  - No caso de levar barras de torsión, non se poderá modificar o diámetro destas.
  - No caso de levar ballestas, non se poderá modificar o número destas.
  - Non se pode modificar colectores de escape. Permítese a modificación do sistema de escape, por outro que teña a homologación CE/E9, e cos sistemas de catalizado correspondentes: válido para pasar a ITV.
  - Con ITV en vigor.
  - Permítese a modificación do volante.
  - Non se permite que leve roda de reposto.
- NOTA: todo o non establecido neste documento está prohibido.

#### **Artigo 4.- CLASIFICACIÓNS DAS PROBAS.**

Normas a cumprir: serán establecidas as clasificacións seguintes:

- 4.1.- Unha clasificación xeral absoluta para o Campionato.
- 4.2.- Unha clasificación para Iniciación, debutantes e eléctricos.
- 4.3.- Unha clasificación para Escuderías, segundo criterio do Art. 5 dos Regulamentos xerais do Campionato, e Copas de Galicia para Escuderías.

#### **Artigo 5.- PUNTUACIÓNS.**

5.1.- Despois de cada proba, puntuable e para cada unha das agrupacións, serán atribuídos os puntos ós pilotos, segundo a súa clasificación, e de conformidade co seguinte baremo:

1º	2º	3º	4º	5º
5	4	3	2	1

5.2.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch:

1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º	12º	13º	14º	15º
35	30	27	24	21	18	15	12	10	8	6	5	4	3	2

Outorgaráselle un punto a todos os que finalicen a proba.

5.3.- Os puntos obtidos, de acordo co indicado nos apartados 5.1. e 5.2., serán sumados o total da proba considerada.



**Artigo 6.- CLASIFICACIÓN FINAL.**

- 1.- A clasificación final do Campionato de Galicia de Slalom será establecida entre aqueles pilotos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha.
- 2.- Para a clasificación final reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas no calendario deste regulamento menos tres (de celebrarse dez ou máis probas); si se celebran nove, ou menos, descontarase so unha proba no computo final.
- 3.- Se un participante non participa nunha proba a mesma poderase descontar para a clasificación final.

**6.2.-EMPATES:**

- 1.- Si nas clasificacións finais varios participante tiveran igual número de puntos, teríase en conta os primeiros postos, os segundos postos, os terceiros, e así sucesivamente ata que se desfixera o citado empate.
- 2.- De persistilo empate gañará o que fixera o primeiro mellor resultado.

**Artigo 7.- VEHÍCULOS ADMITIDOS, INSCRICIÓN.** Poderán participar toda clase de vehículos de turismo, con carrocería cerrada o teito duro, dun mínimo de dúas prazas e que esteán homologados, ou non, que proveñan de series de fabricación.

7.1.- Autorízase o uso de pneumáticos de competición (slicks ou similares), e prohíbese a utilización dos denominados de: tacos, contacto, cravos e cadeas, así como as rodas de tipo M, M+S, M4, M5 e C.

7.2.- Establécense, para cada unha das probas puntuables, uns dereitos de inscrición de 85 €, aceptando a publicidade do organizador, e dereitos dobres non aceptando a publicidade do organizador.

7.3.- Admitiránse vehículos de estricte serie, sen barras antivolco, dunha cilindrada máxima de 1200cc ou de ser eléctricos, cunha potencia máxima de 80 kw. Deberán incorporar asento tipo baquet, arneses de 4 ou 6 puntos de ancoraxe, extintor e si o asento non é tipo baquet ou de serie, terá que estar inmovilizado-fixo (sen corredeira).

7.4.- Non se admitirán vehículos prototipos artesanais. (Car cross, Speed-Car, ou similares).

7.5.- Para a tempada 2023 os números de competición serán segundo se especifica no anuario 2023 da F.G. de A., sendo os tipo para Rallyes, Rallymix e Montaña.

**Artigo 8.- PREMIOS POR PROBA.****8.1.- Premios Campionato de Galicia de Slalom.**

1º .....	320,00 €
2º .....	220,00 €
3º .....	120,00 €
4º .....	100,00 €
5º .....	90,00 €



6º .....80,00 €

**TOTAL:.....930,00 €**

Teranse que entregar alomenos Trofeos os 6 primeiros da Xeral Scratch, e os tres primeiros de cada agrupación, así como o primeiro de cada copa de iniciación ou debutantes.

### Artigo 9.- PREMIOS E TROFEOS.

Ó final da tempada, previo escrutinio dos resultados, outorgaranse os seguintes galardóns a:

#### CAMPIONATO DE GALICIA DE SLÁLOM

Campión: Trofeo de Bronce-Ouro F.G.A.  
 Sub-Campión: Trofeo de Bronce-Prata F.G.A.  
 Campión Copa Iniciación: Trofeo de Bronce F.G.A.  
 Campión Copa Debutantes: Trofeo de Bronce F.G.A.  
 Campión Copa Eléctricos: Trofeo de Bronce F.G.A.

### Artigo 9.- ACTAS DE CLASIFICACIÓN E INFORMES.

As actas de clasificación, actas de Comisarios ou informes do Director de Carreira deberán presentarse debidamente numeradas e asinada, facilitar copia das mesmas ó Observador, e obrar en poder da F.G. de A. nun prazo non superior a dous días a partir da data de publicación da clasificación.

Tódalas probas que se soliciten, fora do prazo establecido, teñen que celebrarse antes da última que foi calendada na data que estableceu a F.G. de A., para non dar lugar a manipulación do Campionato, abonando o dobre dos dereitos de calendario, de ser admitida a solicitude pola Comisión de SláloM da F.G. de A.

### Artigo 10. PARTICIPANTES.

Excepcionalmente, os Comisarios Deportivos, **poderán autoriza-la participación de ata catro pilotos co mesmo vehículo**, debendo facer constar claramente na lista de vehículos autorizados a toma-la saída, diferenciando os números de competición, e os nomes dos pilotos, co abono correspondente da inscrición-seguro por cada participante.

### Artigo 11.- CALENDARIO CAMPIONATO DE GALICIA DE SLÁLOM.

DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA
18-03-2023	10º SLALOM MONTERROSO	MIX RALLYE SPORT
06-05-2023	4º SLALOM DE GUTIRIZ	SCRATCH FENE
03-06-2023	4º SLALOM DE AS PONTES	ACAP
15-07-2023	8º SLALOM DE MOECHE	MOECHE
29-07-2023	2º SLALOM DE OROSO	OROSO MOTORSPORT
12-08-2023	7º SLALOM DE SARRIA	MIX RALLYE SPORT
02-09-2023	8º SLALOM DE RIANXO	RALLYACTIVIDAD COMPTC.
23-09-2023	2º SLALOM DE SOMOZAS	MOECHE



---

07-10-2023	1º SLALOM DE LARACHA	ARTEIXO MOTORSPORT
25-11-2023	19º SLALOM DE FENE	SCRATCH FENE

---

**Artigo 12.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

Ante a proliferación do incumprimento da normativa, en materia de non axustarse o percorrido tipo de Sláom, e de facer unha mini proba de velocidade con portas, a Comisión de Sláom acorda: O Observador, inspecionará o trazado antes da celebración da proba, e terá plenos poderes para evacuar un informe vinculante que poderá iniciar expediente de anulación da proba do Campionato de Galicia de Sláom 2023; con posterior traslado ó Tribunal Galego de Apelación da Federación Galega de Automobilismo. Informase que o citado informe do Observador pode conlevar que a proba non puntue nin bloquee resultados, quedando anulada do Campionato de Galicia de Sláom, a tódolos efectos.

O Observador deberá de informar desta situación antes do comezo da competición ó Organizador, ofrecendo a posibilidade de que se varie o percorrido para que a proba cumpra coa normativa.

